

Acta da Reunión da Comisión Permanente da Xunta de Facultade celebrada o 18 de decembro de 2014

Asistentes:

Allegue Agüete, Pilar

Barreiro Carril, María Cruz

Bergareche Gros, Almudena

Domínguez Rubira, Carmen

Estévez Abeleira, Teresa

Fernández Docampo, Belén

Martínez Hens, Helena

Orge Míguez, José Carlos

Pita Grandal, Ana María

Rodríguez Damián, Amparo

Torres Pérez, Francisco

Iníciase a reunión sendo as 11.30 h., en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes da Decana.
3. Emisións de informes sobre a actividade docente.

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 1 de decembro de 2014).

Apróbase por asentimento.

2.- Informes da Decana.

A Decana informou, en primeiro lugar, da reunión mantida con Vicerreitor de Economía e Planificación con quen abordou dous temas. Por unha banda, a necesidade de persoal administrativo de apoio no Centro. Por outra, a cuestión relativa á orde reitoral que prohibiu o uso da cociña na cafetería do Centro. Respecto de ambas cuestións, a Decana informou que terá outra reunión co Vicerreitor no mes de xaneiro.

En segundo lugar, a Decana informou dos traballos que se están a realizar no Centro, entre outros a pintura dos corredores e a instalación de estóres black out, necesarios para os despachos con orientación ao sol.

3.- Emisión de informes sobre a actividade docente

Apróbanse, por asentimento, informes favorables da actividade docente das profesoras Dona Ana María Pita Grandal e Dona Helena Martínez Hens, quen se percatou neste momento que está en condicións de solicitar quinquenio.

4. Rolda aberta de intervencións.

Don José Carlos Orge comenta que lle chegaron moitas queixas de alumnos, e en particular na súa condición de tutor do PAT do Curso Complementario do Grao en Relacións Laborales e Recursos Humanos, que queren recuperar o grupo específico do devandito Curso Complementario. Manifesta a súa opinión de que non ve que a recuperación do devandito Curso perxudique a ninguén.

A Decana explica que a decisión de non seguir co devandito curso é unha decisión baseada en motivos organizativos, para nada caprichosa, e recorda que o traballo invertido polo profesorado no devandito curso non da lugar a prazas consolidables senón a unhas listas de agarda, no mellor dos casos, e na maior parte dos casos, a profesores invitados. Recorda que se sacaron adiante, a través do referido curso, cen alumnos, o que xerou un traballo inasumible.

Tras a intervención do vicedecano Francisco Torres pedindo aclaración sobre qué piden realmente os alumnos, a Decana conclúe que o tema, se parece oportuno aos presentes, pode ser obxecto doutra reunión.

E sen máis intervencións, a reunión conclúe as 12.00 horas, do cal, como Secretaria dou fe.

Asdo. María Cruz Barreiro Carril